



BANDO

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo,

FAI SABER:

Á VECIÑANZA, a seguinte información respecto da prórroga do estado de alarma por causa do COVID 19.

Por mor da declaración da pandemia internacional do COVID 19 mediante resolución da OMS de 11 de marzo e a posterior declaración nacional do estado de alarma por Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, foi precisa a implementación de diversas medidas de carácter social, sanitario e económico que afectan a diferentes sectores sociais e administrativos a través de sucesivos reais decretos leis e demais normativa de inferior rango normativo.

No BOE de data 25 de abril de 2020 publícase a Resolución do Congreso dos Deputados de 22 de abril de 2020 pola que se autoriza a prórroga do estado de alarma decretado o 14 de marzo de 2020 ata o día 10 de maio ás 00:00 horas nos mesmos termos que os contidos no Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo como se confirma no Real Decreto 492/2020 de 24 de abril publicado xunto coa citada resolución e que coa modifica o artigo 7 do RD 463/2020 en relación coa posibilidade de que os menores de 14 anos poidan saír acompañados dun adulto responsable do seu cuidado para a realización das tarefas permitidas no seo desta norma.

Así mesmo publícase a Orden SND/370/2020 que regula este paseos de xeito que poderase ir co adulto responsable un máximo de 3 nenos durante unha hora a un quilómetro do domicilio entre as 09:00 e as 21:00 horas mantendo unha distancia de mínimo 2 metros con terceiros viandantes.

Os lugares aos que se poderá acudir serán as vías públicas, espazos públicos e zonas verdes autorizadas.

A efectos de dar publicidade ás resolucións e reais decretos ditados ós efectos de prorrogar o Estado de Alarma e ao amparo da atribución contemplada no artigo 21.1.e) da Lei 7/85 de 2 de abril emito o presente Bando:

- Por mor da entrada en vigor o 25 de abril de 2020 do Real 492/2020 de 24 de abril (BOE 25/04/2020) e a autorización do Congreso dos Deputados de 22 de abril de 2020 (BOE 11/04/2020), prorrógase o Estado de Alarma ata o día 10 de maio de 2020 ás 00:00 horas nos mesmo termos que os contemplados no Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo coa modificación citada.

O que asino en Vimianzo, 27 de abril de 2020

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)